

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------|------------------------|---------------|
| 15016000 | Compostela | Santiago de Compostela | 2020/2021 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|--|---------------------------|--|---------------------------------|-----------------------|
| SSC | Servizos socioculturais e á comunidade | CMSSC01 | Atención a persoas en situación de dependencia | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de proba libre |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0216 | Atención sanitaria | 2020/2021 | 0 | 213 | 0 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|------------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | SABELA FERNÁNDEZ DE SANMAMED GIRÓN |
| Outro profesorado | |

Estado: Supervisada

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades. |
| RA2 - Aplica técnicas de mobilización, traslado e deambulación, para o que analiza as características da persoa en situación de dependencia. |
| RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados. |
| RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias. |
| RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos. |

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor. |
| CA1.2 Descríbense as principais características e necesidades de atención física das persoas en situación de dependencia. |
| CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia. |
| CA1.4 Identifícanse as características do contexto que favorezan ou dificulten o estado físico e de saúde da persoa usuaria. |
| CA1.5 Interpretáronse as prescricións de atención sanitaria establecidas no plan de cuidados. |
| CA1.6 Defínense as condicións ambientais favorables para a atención sanitaria. |
| CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias. |
| CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado. |
| CA2.1 Aplicáronse as técnicas máis frecuentes de colocación de persoas encamadas, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións. |
| CA2.2 Aplicáronse técnicas de mobilización, deambulación e traslado de persoas en situación de dependencia, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións. |
| CA2.3 Aplicáronse procedementos que garantan unha carga segura e a prevención da aparición de posibles lesións no persoal profesional. |
| CA2.4 Utilizáronse as axudas técnicas de mobilización, transporte, deambulación e posicionamento en cama de persoas en situación de dependencia máis adecuadas ao seu estado e ás súas condicións. |
| CA2.5 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade. |
| CA2.6 Descríbense as técnicas de limpeza e conservación de próteses, precisando os materiais e os produtos adecuados en función do estado e das necesidades da persoa usuaria. |
| CA2.7 Proporcionáronse pautas de actuación á persoa en situación de dependencia e ás do seu contorno, que favorezan a súa autonomía, en relación coa mobilidade e o mantemento das axudas técnicas. |
| CA2.8 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa usuaria. |
| CA3.1 Seleccionáronse as posicións anatómicas máis adecuadas para facilitar a exploración das persoas usuarias. |
| CA3.2 Preparouse e prevíuse a administración dos medicamentos, cumprindo as pautas establecidas no plan de cuidados individualizado e as prescricións específicas para cada vía e cada produto. |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA3.3 Identifícanse os principais riscos asociados á administración de medicamentos. |
| CA3.4 Seleccionáronse tratamentos locais de frío e calor atendendo ás pautas dun plan de coidados individualizado. |
| CA3.5 Identifícanse os signos de posibles alteracións no estado xeral da persoa durante a administración de medicamentos. |
| CA3.6 Tomáronse as constantes vitais da persoa, utilizando os materiais adecuados e seguindo as prescricións establecidas. |
| CA3.7 Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias. |
| CA3.8 Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria. |
| CA4.1 Organizouse a distribución e o servizo das comidas na institución, seguindo as prescricións da folia de dietas. |
| CA4.2 Aplicáronse técnicas de apoio á inxestión, en función das características e das necesidades da persoa. |
| CA4.3 Informouse a persoa en situación de dependencia e a súa familia acerca da correcta administración de alimentos. |
| CA4.4 Comprobase que a inxestión se axuste ao plan de coidados. |
| CA4.5 Asesorouse a persoa e a familia sobre a utilización dos materiais de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación. |
| CA4.6 Amosouse sensibilidade cara á importancia de que a hora da comida sexa un momento agradable para a persoa. |
| CA4.7 Identifícanse os posibles riscos asociados ás situacións de inxestión. |
| CA4.8 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos. |
| CA5.1 Identifícanse as características que deben cumprir os protocolos de observación, control e seguimento do estado físico e sanitario das persoas usuarias. |
| CA5.2 Cubríronse protocolos de observación e rexistro, manuais e informatizados, seguindo as pautas establecidas en cada caso. |
| CA5.3 Recolleuse información correcta e completa sobre as actividades realizadas e as continxencias que se presentaran. |
| CA5.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diversos instrumentos. |
| CA5.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido. |
| CA5.6 Rexistráronse os datos para a súa comunicación responsable do plan de coidados individualizados. |
| CA5.7 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno. |
| CA5.8 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da evolución física e sanitaria da persoa, para mellorar o seu benestar. |

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA2 - Aplica técnicas de mobilización, traslado e deambulacón, para o que analiza as características da persoa en situación de dependencia. |
| RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de coidados. |

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo

CA2.1 Aplicáronse as técnicas máis frecuentes de colocación de persoas encamadas, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.

CA2.2 Aplicáronse técnicas de mobilización, deambulación e traslado de persoas en situación de dependencia, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.

CA2.3 Aplicáronse procedementos que garantan unha carga segura e a prevención da aparición de posibles lesións no persoal profesional.

CA2.4 Utilizáronse as axudas técnicas de mobilización, transporte, deambulación e posicionamento en cama de persoas en situación de dependencia máis adecuadas ao seu estado e ás súas condicións.

CA2.5 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.

CA3.1 Seleccionáronse as posicións anatómicas máis adecuadas para facilitar a exploración das persoas usuarias.

CA3.2 Preparouse e previuse a administración dos medicamentos, cumprindo as pautas establecidas no plan de coidados individualizado e as prescricións específicas para cada vía e cada produto.

CA3.4 Seleccionáronse tratamentos locais de frío e calor atendendo ás pautas dun plan de coidados individualizado.

CA3.6 Tomáronse as constantes vitais da persoa, utilizando os materiais adecuados e seguindo as prescricións establecidas.

CA4.2 Aplicáronse técnicas de apoio á inxestión, en función das características e das necesidades da persoa.

CA4.4 Comprobose que a inxestión se axuste ao plan de coidados.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar unha avaliación positiva neste módulo serán:

RA1

-Coñecer as estruturas cardíacas e vasculares.

-Coñecer as células que comprenden o sangue.

-Coñecer as estruturas que comprenden o aparato respiratorio.

-Coñecer os órganos do aparato respiratorio e a súa función.

-Completar láminas anatómicas mudas do aparato dixestivo e glándulas anexas cos nomes dos órganos correspondentes, e as súas funcións no proceso dixestivo.

-Completar láminas anatómicas mudas do aparato urinario cos nomes dos órganos correspondentes e as súas funcións no proceso da formación dos ouriños.

-Relacionar as glándulas coa súa situación no organismo e as hormonas que producen.

-Realización do procedemento da glicemia capilar e rexistro das cifras obtidas.

RA2

-Coñecer os ósos e articulacións do corpo.

-Identificar correctamente cada unha das estruturas óseas e articulares.

-Identificar correctamente cada un dos músculos e a súa situación.

-Preparar os materiais para empregar segundo a técnica de traslado, posicionamento, mobilización e deambulación, dependendo do estado de saúde e das condicións físicas das persoas.

-Coñecer os arcos de movemento corporais (flexión-extensión, pronación-supinación, etc) para a realización dos procedementos.

-Realizar os movementos das articulacións segundo os arcos de movemento na persoa dependente.

-Aplicación das normas fundamentais da mecánica corporal.

-Realización dos procedementos de cambio de posición na cama e axuda na mobilización da persoa dependente.

-Acompañamento das persoas dependentes na deambulación, con cinturón de traslado, muletas, bastóns e andadores, e nos traslados en grúa móbil, cadeira de rodas e padiola, con seguridade e eficacia.

RA3

-Identificación das distintas posicións anatómicas, en función do tipo de exploración a realizar, e a patoloxía que presenta a persoa dependente.

-Realización da toma das distintas constantes vitais (temperatura, pulso, respiración, tensión arterial e saturación de osíxeno).

-Realización da gráfica de constantes vitais cos datos obtidos de varias medicións do pulso, temperatura, respiración e tensión arterial. Calcular e rexistrar o balance hídrico de 24 horas. Interpretar a gráfica e valorar os resultados.

-Realizar a clasificación alfabética de diversos medicamentos en xeral, e segundo a forma de presentación e a vía de administración.

-Selección do material necesario para administrar a medicación segundo a vía utilizada.

-Realización dos procedementos de administración de medicamentos segundo a vía utilizada.

-Cumprimentación da folla de medicación cos rexistros dos medicamentos administrados.

-Preparación do material e realización dos procedementos de aplicación de frío, seco e húmido e calor, seco e húmido.

-Preparación do material necesario e realización dos procedementos de mobilización de secrecións, administración de aerosois e osíxeno.

RA4

-Identificación, descrición e preparación do material necesario segundo os procedementos de administración de alimentos por vía oral ou enteral, en función do grao de dependencia física.

-Realización dos procedementos de administración de alimentos por vía oral, mediante sonda nasogástrica, a través da ostomía, e dos cuidados necesarios.

RA5

-Realización dun listado cos cuidados sanitarios realizados na asistencia domiciliaria, e os realizados nos centros residenciais para persoas maiores.

-Presentación de fichas de traballo, sobre os protocolos de observación e os rexistros dos datos obtidos nos procedementos realizados.

-Busca en internet dalgún protocolo de actuación co seu correspondente rexistro.

Criterios de cualificación:

Cualificaráse a primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Cualificaráse a segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba deste módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita con cuestións obxectivas, de resposta curta, que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte, cualificarase de cero a dez puntos.

Sobre a mesa só deberán ter o seu documento de identificación.

Poden empregar unicamente bolígrafo con tinta negra ou azul.

Está prohibido o emprego de: móbiles; dispositivos de transmisión de información. O uso deles será motivo de expulsión da proba.

Tal e como establece o artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de varios procedementos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A realización destes supostos prácticos poderá consistir en:

- Identificación dos ósos no esqueleto.
- Mobilización, traslado e deambulación do usuario dependente: cambios de posición na cama, traslado en cadeira de rodas, axuda na deambulación, etc.
- Medición da glicemia capilar.
- Medición das constantes vitais (respiración, frecuencia cardíaca, temperatura, tensión arterial e saturación de osíxeno)

Instrumentos para o seu desenvolvemento:

Poden empregar unicamente bolígrafo con tinta negra ou azul.

Está prohibido o emprego de: móbiles; dispositivos de transmisión de información. O uso deles será motivo de expulsión da proba.

Tal e como establece o artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.